


Plan de Educación Financeira 2022-2025



Contido

03

Presentación

07

Un pouco de historia

10

O Plan de
Educación Financeira
dunha ollada

13

Principios inspiradores
do Plan de
Educación Financeira

15

Principais propósitos
do Plan de Educación
Financeira para o
período 2022-2025

17

Balance do período
2018-2021

37

Obxectivos e accións
previstos para o
período 2022-2025

64

Conclusións

67

Anexos

Presentación



Presentación

A promoción da educación financeira ven abríndose camiño nos últimos anos no noso país. A acción continuada de tres Plans de Educación Financeira (PEF) consecutivos dende 2008 creou un relevante tecido de colaboradores que levaron multitude de accións divulgativas a un volume significativo de cidadáns neste período.

O lanzamento dun novo Plan cuadrienal sempre é unha ocasión propicia para reformular os Obxectivos de futuro. Nesta ocasión isto sucede dun modo moi destacado. Os acontecementos vividos nos últimos meses derivados da pandemia de COVID-19 impactaron fortemente nas nosas vidas e están a configurar unha realidade máis complexa e inestábel. Este novo escenario caracterízase por unha maior incerteza que impacta no contorno económico, os mercados financeiros e nos individuos. Adaptarse a este novo contexto sobrevido requirirá a adquisición e consolidación de determinadas

competencias e capacidades, así como a adopción de certas actitudes relacionadas co aforro, o endebedamento e a xestión a longo prazo das finanzas persoais.

Nos próximos anos imos enfrontarnos a varios retos adicionais ao incremento da capacitación financeira dos cidadáns. Estes retos xa están despuntando e afectarán ao conxunto da sociedade. Por un lado, estase acelerando a dixitalización no ámbito financeiro, o que se traduce en novos modelos de negocio innovadores que son disruptivos para o desenvolvemento

das relacións financeiras entre os individuos e as empresas, e en particular na contratación de produtos financeiros.

Isto proporciona un indubidábel benestar aos consumidores, dada a maior variedade de servizos ofrecidos, a adaptación a novas necesidades e a redución de costes. Así e todo, non se poden obviar os riscos. Durante a pandemia aumentou o uso de canles dixitais por cidadáns non sempre dotados da suficiente capacitación dixital e financeira. Deste xeito, o incremento do aforro propiciou a participación de minoristas nos mercados financeiros utilizando os novos modelos de negocio, para os que os mencionados clientes minoristas non sempre están adecuadamente capacitados. Existen á súa vez segmentos da poboación que están menos familiarizados cos avances tecnolóxicos e, polo tanto, en risco de exclusión financeira, nun mercado crecentemente dixitalizado. Esta problemática acentuase coa redución de oficinas físicas, especialmente en contornos rurais.

Estes riscos deberán mitigarse dotando á poboación das capacidades e coñecementos precisos para relacionarse cos novos contornos dixitais e entender os produtos e instrumentos que se lles ofrecen.

A capacitación para a planificación financeira estase a amosar como un factor relevante para adaptarse ao contorno cambiante e desfavorábel.

Por outro lado, a crise derivada da pandemia puxo a proba a resistencia perante a adversidade de axentes e familias, o que deu en chamarse resiliencia.

Ademáis, debería acelerarse a transición ecolóxica cara a unha economía baixa en carbono, na que o sector financeiro terá un papel chave a través do impulso das finanzas sustentábeis. Conceptos como a financiación e investimento sustentábeis serán protagonistas nesta nova etapa e tanto empresas como entidades financeiras e investidores serán os principais vectores deste novo ecosistema financeiro. Dar a coñecer o seu funcionamento e as súas vantaxes, así como o seu impacto no medio ambiente, a sociedade e a economía constituirá unha necesidade no ciclo que agora iniciamos e, para iso, as iniciativas de educación financeira deberán incluír ferramentas para que os cidadáns interioricen esta realidade na toma das súas decisións financeiras.

Polo tanto, perante estes retos presentes e futuros, a educación financeira adquiriu hoxe máis que nunca un papel protagonista como elemento fundamental de desenvolvemento e estabilidade do sector financeiro. É tamén un instrumento básico de protección do consumidor financeiro e constitúe unha materia que debe continuar impulsándose dende os organismos públicos e privados, coa colaboración de tódolos axentes e institucións financeiras.

Conscientes desta necesidade, o Banco de España e a CNMV comprometéronse hai trece anos a desenvolver o primeiro proxecto de educación financeira con vocación xeralista no noso país, ao que, con posterioridade, sumáronse outros organismos da Administración Central, como a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Hoxe renovamos este compromiso coa educación financeira dos nosos cidadáns. Facémolo con máis forza e tesón, se cabe, grazas á incorporación plena do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital como promotor deste proxecto, e convencidos de que a suma de esforzos multiplica os resultados.

Nestes anos sentamos as bases que nos van a permitir intensificar as actuacións e chegar a un público máis amplo, todo iso coa finalidade última de incrementar o nivel de cultura financeira da poboación e de mellorar os seus hábitos e comportamentos financeiros.

Abordamos un difícil labor con resultados que únicamente se poderán valorar observando a forma de actuar dos consumidores financeiros actuais e futuros. Pero a pesar da dificultade do traballo emprendido, con este novo Plan, queremos amosar nosa vontade máis sincera de continuar neste camiño e seguir a desenvolver a estratexia nacional de educación financeira que iniciamos hai anos. Esta estratexia resultará exitosa cando realmente consiga cambiar hábitos nos cidadáns, de modo que estes sexan capaces de tomar decisións financeiras ben pensadas e adaptadas ás súas circunstancias.



Nadia Calviño

Vicepresidenta Primeira do Goberno de España e Ministra de Asuntos Económicos y Transformación Dixital



Rodrigo Buenaventura

Presidente da CNMV



Pablo Hernández de Cos

Gobernador do Banco de España

Un pouco de historia



Un pouco de historia

Existe un consenso xeralizado sobre a necesidade de mellorar o nivel de cultura financeira dos consumidores, calquera que sexa o país no que viven e as súas circunstancias. Para poder desenvolver un proxecto de vida de forma razoábel todos temos que ter sempre presentes as nosas finanzas, xestionar os nosos recursos e relacionarnos con outros axentes.

Nas economías modernas isto esíxenos participar nos mercados financeiros e dispoñer de medios de pagamento, aforrar, investir, endebedarnos e asegurarnos. É polo tanto preciso para todo cidadán contar coa capacitación adecuada para mellorar a súa relación cos intermediarios financeiros.

Conscientes desta necesidade, a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE), o Fondo Monetario Internacional, a Organización Internacional de Comisións de Valores (IOSCO) e a Comisión Europea, e, máis recentemente, as tres autoridades

supervisoras europeas de banca, valores e seguros, entre outras institucións, levan anos recomendando aos seus membros que impulsen programas de formación financeira dirixidos a toda a poboación ou a segmentos específicos da mesma.

Neste contexto, a maioría das autoridades responderon mediante o desenvolvemento de estratexias nacionais de educación financeira deseñadas ao abeiro dos principios e recomendacións da OCDE.

España iniciou a súa andaina neste ámbito no ano 2008 mediante a asunción por parte do Banco de España e a CNMV da responsabilidade de impulsar unha estratexia nacional de educación financeira. As directrices deste proxecto ficaron plasmadas no denominado “Plan de Educación Financeira 2008-2012” que recollía o compromiso de realizar e impulsar actuacións co obxectivo de contribuír a que os cidadáns adopten decisións financeiras axustadas ás súas características persoais e familiares, ás súas necesidades e expectativas, e asuman unha mellor xestión dos riscos. Todas estas actuacións levan, en última instancia, a lograr unha maior confianza no sistema financeiro contribuíndo así á súa estabilidade.

En xuño de 2013, a CNMV e o Banco de España renovaron o compromiso asumido en 2008, nos termos recollidos no “Plan de Educación Financeira 2013-2017”, dando así continuidade ás accións iniciadas en 2008.


Posteriormente, en outubro de 2017, ambas institucións -a través da sinatura dun novo convenio de colaboración- ratificaron a súa vontade de continuar o desenvolvemento da estratexia nacional de educación financeira até o ano 2021.

Agora, a CNMV, o Banco de España e o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital asinaron un convenio de colaboración no que amosan o seu compromiso de proseguir o desenvolvemento do Plan de Educación Financeira no período 2022-2025, cuxos aspectos esenciais recóllense no presente documento.

A incorporación do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital como promotor do Plan de Educación Financeira supón unha novidade de grande alcance. Esta incorporación referenda o traballo realizado nos anos pasados durante os tres convenios anteriores entre Banco de España e CNMV e proxecta cara ao futuro a aposta da estratexia nacional de educación financeira coa implicación activa de tan destacado promotor.



O Plan de Educación Financeira dunha ollada



O Plan de Educación Financeira dunha ollada



Nace

en 2008 impulsado pola CNMV e o Banco de España ao abeiro dos Principios de Alto Nivel da OCDE



Pretende

a mellora da cultura financeira dos españois



Diríxese

a tódolos segmentos de poboación



Coordina

unha ampla rede de institucións colaboradoras altamente comprometidas co desenvolvemento da educación financeira



Ten

a súa propia marca: Finanzas Para Todos



Dispón

do portal de referencia en educación
financeira www.finanzasparatodos.es



Facilita

información útil, neutral e libre de calquera
interese comercial



Organiza

xornadas de formación, talleres,
conferencias e seminarios en toda España



Promove


un Programa de Educación Financeira e un
Concurso de Coñecementos Financeiros
(arredor de 600 centros de ensino
cada curso)



Impulsa

o Día da Educación Financeira coa
finalidade de salientar a importancia da
educación financeira na vida
das persoas

Principios inspiradores do Plan de Educación Financeira



Principios inspiradores do Plan de Educación Financeira

Xeralidade

Non exclúe a ningún segmento da poboación e cobre todos os produtos e servizos financeiros.

Cooperación

Reflicte o compromiso dos promotores para desenvolver unha intensa colaboración entre eles e fomentar a participación doutros axentes e institucións, nun modelo de colaboración público-privado.

Continuidade

Ten vocación de permanencia.

Diversidade

Debe chegar a cada segmento de poboación tendo en conta as características, necesidades e canles de acceso adecuados en cada caso.

Medición e avaliación

Debe avaliar o traballo realizado para coñecer a súa efectividade e identificar áreas de mellora.

Coñecemento e accesibilidade

Debe chegar a cada segmento de poboación tendo en conta as características, necesidades e canles de acceso adecuados en cada caso.

Coordinación

Debe ser eficaz e eficiente evitando o solapamento de esforzos.

Responsabilidade

É posíbel grazas ás autoridades e organismos públicos e privados que comparten o compromiso de levalo a cabo e conseguir os seus obxectivos.

Principais propósitos do Plan de Educación Financeira para o período 2022-2025



Principais propósitos do Plan de Educación Financeira para o período 2022-2025



Notoriedade da Educación Financeira

Intensificación do fomento da educación financeira como competencia chave do século XXI e instrumento esencial para o desenvolvemento da liberdade do individuo e para o adecuado funcionamento do sistema financeiro.



Colaboración institucional

Intensificación da participación de institucións públicas e privadas no fomento da educación financeira, especialmente as vencelladas aos sectores máis vulnerábeis.



Promoción da Educación Financeira como ferramenta para afrontar os novos retos


Difusión da educación financeira como instrumento esencial para afrontar os novos retos formulados na época postcovid e a necesidade de reforzar a resiliencia financeira, os relativos á dixitalización dos servizos financeiros e o protagonismo das finanzas sustentábeis na transición ecolóxica.



Orientación ao cidadán

Maior coñecemento do público e das súas necesidades de educación financeira e conseguinte adaptación das mensaxes e as canles de comunicación do Plan de Educación Financeira. Extensión do alcance do Plan de Educación Financeira a tódolos ámbitos educativos e de maneira moi especial aos colectivos máis vulnerábeis.

Balance do período 2018-2021



Balance do período 2018-2021

A máxima estrutura de xestión do convenio entre a CNMV e o Banco de España durante o período 2018-2021 foi a Comisión de Seguimento do Plan de Educación Financeira cuxa función principal foi a adopción de decisións que incorporan unha dotación económica, e que está formada por tres representantes de cada organismo promotor.

O desenvolvemento das actividades realizadas no marco do Plan de Educación Financeira estivo encomendado durante o período 2018-2021 a un grupo de traballo do que forman parte representantes da CNMV e o Banco de España, así como expertos da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, como colaborador do Plan, e da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

No ámbito do Plan, este grupo de traballo mantivo reunións periódicas co fin de abordar o seu desenvolvemento mediante

o establecemento de obxectivos e a realización das accións necesarias para levalos a cabo. A execución das accións establecidas polo grupo de traballo encomendouse a membros concretos deste ou a subgrupos creados ad hoc para desenvolver un determinado proxecto.

Da mesma maneira, o grupo de traballo encárgase de coordinar a colaboración entre os diferentes axentes participantes no Plan e de estudar e promover a incorporación de novos colaboradores que puideran resultar de interese polo sector no que están encadrados ou polo público ao que se dirixen.

No período comprendido entre 2018 e 2021 realizáronse numerosas accións e proxectos entre os que cabe salientar os seguintes:

1

Reforzo do papel dos colaboradores procurando promocionar a educación financeira entre colectivos sociais específicos.

2

Promoción da educación financeira dirixida aos escolares.

3

Impulso da marca Finanzas Para Todos e estratexia de comunicación.

4

Consolidación do Día da Educación Financeira.

5

Coñecemento do público e das súas necesidades de educación financeira.

Reforzo do papel dos colaboradores procurando promocionar a educación financeira entre colectivos sociais específicos



A incorporación ao Plan de Educación Financeira de entidades ou organismos, públicos e privados que, dende distintos sectores de interese, están comprometidos coa promoción da educación financeira, promoven a cultura financeira entre determinados colectivos e teñen a capacidade de dispoñer de materiais de divulgación e educación financeira de calidade, contribúe a mellorar a difusión e a infraestrutura da educación financeira a nivel nacional.

Por esta razón, é unha constante do Plan de Educación Financeira a progresiva ampliación dunha rede de colaboradores coa finalidade de chegar a máis público obxectivo e, polo tanto, lograr un maior impacto das iniciativas, intercambiar experiencias e compartir recursos.

Conscientes desta necesidade, durante 2018-2021, procedeuse á procura e incorporación de novos colaboradores, até acadar os 46 en 2021.

O aumento da rede de colaboradores viuse facilitada pola substitución do anterior sistema de sinatura de convenios de colaboración por un mecanismo máis sinxelo e rápido, denominado Protocolo Xeral de Actuación, adaptado ás mudanzas normativas ditadas pola Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

No período 2018-2021, os colaboradores que se incorporaron ao Plan de Educación Financeira son os seguintes:

Asociación Española de Empresas de Asesoramiento Financiero (ASEAFI)

Asociación de Usuarios Financieros (ASUFIN)

Asociación Internacional de Entidades de Crédito Prendario y Social (PIGNUS)

Confederación de Asociaciones de Usuarios y Consumidores Europeos (CAUCE)

Cámara de Comercio de España

Consejo General de Economistas

Cruz Roja Española

Fundación Contea

Fundación para la Innovación Financiera y la Economía Digital (FIFED)

FUNCAS

Fundación ICO

Fundación CEU

Fundación Mutualidad de la Abogacía

Fundación Área XXI

Instituto de Crédito y Finanzas de la Región
de Murcia (ICREF)

Instituto de Estudios Bursátiles (IEB

Fundación Isadora Duncan

Fundación Nantiklum


Ministerio de Consumo

OCOPEN, organización de consultores
de pensiones

Universidad Complutense

Universidad de Zaragoza

Evolución del nº de colaboradores del PEF



* Nos inicios do PEF, os colaboradores asinaban convenios de colaboración individualmente cos seus promotores para adquirir tal condición. Posteriormente modificouse o sistema de adhesión, mediante a sinatura dun convenio marco de colaboración e un Protocolo Xeral de Actuación por parte de cada colaborador. Esta última cifra é a que se reflicte no gráfico.

Hai que realizar unha mención especial á renovación do Convenio de Colaboración co Ministerio de Educación e Formación Profesional (cuxo contido abordárase máis adiante) e á sinatura dun Convenio de Colaboración co Ministerio de Consumo.

En relación con este último convenio, o seu obxectivo é estender e desenvolver o Plan de Educación Financeira entre os consumidores co fin de reducir a exclusión financeira e a fenda dixital entre os sectores vulnerábeis. En particular, incorporáranse novas liñas de traballo formativas e educativas no sector financeiro dirixidas a mozos, persoas de idade avanzada, familias con endebedamento de máis ou familias monoparentais.

Á hora de incorporar novos colaboradores ao Plan de Educación Financeira, prestouse especial atención a aquelas institucións que poidan trasladar ao Plan as sensibilidades sociais dalgúns dos colectivos nos que se concentran os principais problemas de falta de educación

financeira, como poden ser os consumidores especialmente vulnerábeis, os debedores en dificultade, as persoas con baixo nivel de inclusión financeira ou os inmigrantes.

Polo tanto, o perfil dos novos colaboradores é moi diverso e abrangue dende asociacións de consumidores, universidades ou institutos de investigación até ONG. Dada a súa heteroxeneidade, durante o período 2018-2021 organizouse aos distintos colaboradores en función do sector no que centran as súas actividades (industria, educación, investigación, social). Isto permitiu un contacto cos colaboradores dunha maneira máis enfocada e acorde cos seus intereses e actividades.

Finalmente, e para dotar de maior protagonismo aos colaboradores do Plan de Educación Financeira, modificouse o seu sistema de gobernanza mediante a formalización da Asamblea de Colaboradores cuxa finalidade é habilitar un espazo no que os colaboradores poidan ser partícipes da toma de decisións no Plan de Educación Financeira.

Pode consultarse a lista de colaboradores do Plan de Educación Financeira no Anexo I.

Promoción da educación financeira dirixida aos escolares



A promoción da educación financeira nos centros de ensino, como un dos Obxectivos prioritarios do Plan, formou parte da estratexia nacional de educación financeira dende os seus inicios.

No período 2018-2021, intensificouse a implantación e o desenvolvemento do Programa Escolar de Educación Financeira nas escolas. Este Programa, desenvolvido pola CNMV e o Banco de España dende o 2010 e ao abeiro do convenio de colaboración co Ministerio de Educación e Formación Profesional, está dirixido aos estudantes de entre 14 e 18 anos (3º e 4º da ESO ou Ciclos Formativos de Grao Medio).

Durante este período, inscribíronse de media neste Programa arredor de 600 centros.


O Programa é voluntario, flexíbel e adaptábel. Os centros inscritos teñen acceso ao material didáctico básico constituído por un manual do profesor e un manual para o alumno, dividido en 10

temas cada un, que foron traducidos ás linguas cooficiais en España e ao inglés.

Os mencionados manuais abordan as áreas temáticas relativas a diñeiro e transaccións, planificación e xestión das finanzas persoais, o risco e o beneficio e o panorama financeiro. Unha vez que o centro se rexistra no Programa, pode acceder aos materiais didácticos a través dunha zona reservada para os profesores na web www.finanzasparatodos.es.

A mencionada web, ademais, dispón dunha zona aberta a todo o público -configurada como un repositorio de recursos didácticos, utilidades, ferramentas multimedia, xogos e talleres de actividades-, que pode servir de apoio ao profesor para impartir as clases.

Centros inscritos ao Programa Escolar de Educación Financeira e ao Concurso de Coñecementos Financeiros



Cada centro pode impartir os contidos da forma que mellor se axuste á súa programación. Así e todo, o normal é que os contidos se traten de maneira transversal, integrados noutras áreas de coñecemento como as Matemáticas, Ciencias Sociais (Xeografía, Historia), etc. Dado que a competencia financeira é unha competencia transversal, a impartición do Programa supón desenvolver múltiples competencias.

A participación no Programa permite ademáis aos centros inscribirse no Concurso de Coñecementos Financeiros. Co fin de achegar un pouco máis a educación financeira aos alumnos dos centros participantes no Programa Escolar de Educación Financeira, en 2017 celebrouse o primeiro Concurso de Coñecementos Financeiros dirixido a estudantes de 4º de ESO, Bacharelato e Formación Profesional.

O Concurso consiste nunha proba de preguntas e respostas que desenvolveron durante estes anos en varias fases online e presenciais. As fases online tiveron lugar en maio e xuño e as fases presenciais en setembro. A fase final do concurso celebrouse durante o acto central do Día da Educación Financeira.

A fase online, desenvolveuse a través dunha aplicación informática á que acceden os centros educativos inscritos no concurso e que determina os oito centros que pasan á fase final presencial. Para iso, os concursantes deben enfrontarse a unha batería de preguntas e respostas, en cuxa resolución prémíase tanto o número de respostas acertadas como a axilidade na resposta, obtendo máis puntos os centros que máis respostas acertaron utilizando o menor tempo posíbel en cada unha das preguntas formuladas.

Na fase presencial, dividida en cuartos de final, semifinais e final, os centros compiten de dous en dous, superando cada unha das eliminatorias o equipo que obtén a mellor puntuación resolvendo 20 preguntas. Inclúense preguntas e respostas de contido económico e financeiro, especialmente relacionadas coa xestión das finanzas persoais.

Os centros gañador e finalista, ademáis de premios para os alumnos concursantes,

obteñen unha dotación económica para a adquisición de material escolar.

O Concurso de Coñecementos Financeiros, contribuíu a aumentar o interese dos alumnos pola educación financeira e acadar un relevante número de centros participantes no Programa Escolar de Educación Financeira. Durante estes últimos anos procedeuse a realizar unha revisión e actualización dos contidos do Programa Escolar de Educación Financeira.

Por outro lado, organizáronse diversas reunións cos diferentes axentes do sector educativo: Ministerio de Educación e Formación Profesional, cosellerías de educación e asociacións educativas, entre outros. O obxectivo destas reunións foi abranguer información sobre posíbeis accións a desenvolver para fomentar a educación financeira nos centros educativos e coñecer novas ferramentas ou prácticas de innovación educativa que poidan resultar de utilidade para mellorar o Programa.

Como acontecemento destacado na consecución deste obxectivo, hai que mencionar a renovación do Convenio de Colaboración co Ministerio de Educación e Formación Profesional en setembro de 2020. O compromiso do mencionado Ministerio, da CNMV e o Banco de España para o fomento da educación financeira


dos escolares ten a súa orixe no primeiro convenio de colaboración asinado en 2009. Dende entón, as tres Administracións cooperaron activamente no mencionado labor continuarano a desenvolver ao longo da vixencia do novo Convenio de Colaboración.

No marco desta cooperación co Ministerio de Educación e Formación Profesional, presentouse unha proposta para a inclusión da competencia financeira no próximo deseño do currículo escolar que incorporarán os regulamentos de desenvolvemento da Lei Orgánica 3/2020 pola que se modifica a Lei Orgánica de Educación.

En particular, en Educación Primaria, identificáronse dúas áreas de coñecemento, concretamente, diñeiro e transaccións e planificación e xestión das finanzas. As competencias chave nestas áreas son comprender o importante papel

que o diñeiro xoga na vida dunha persoa e xestionar adecuadamente o diñeiro.

En Educación Secundaria identificáronse catro áreas de coñecemento: diñeiro e transaccións, planificación e xestión das finanzas, risco e beneficio e panorama financeiro. As competencias chave nestas áreas son: manexar e supervisar as transaccións, controlar e xestionar o diñeiro adecuadamente, planificar e utilizar os ingresos e outros recursos a curto e longo prazo para mellorar o benestar financeiro, xestionar os riscos financeiros e coñecer e comprender o contorno financeiro.



Impulso da marca Finanzas Para Todos e estratexia de comunicación



A marca Finanzas Para Todos é a marca do Plan de Educación Financeira cuxos atributos principais son a utilidade, fiabilidade, rigurosidade e neutralidade dos contidos aportados baixo esta denominación.

No período 2018-2021, avanzouse no proceso de dotar a esta marca dunha maior relevancia co obxectivo de xerar valor e confianza para o usuario e diferenciala xenuinamente doutras iniciativas semellantes.

Para iso deseñouse un novo logotipo máis actual e acorde coas tendencias de deseño contemporáneas. Este proceso de redeseño foi dirixido á procura dunha simplificación do logotipo e ao uso de xeometrías orixinais e tipografías non usuais. Con iso, o novo logotipo de Finanzas Para Todos caracterízase pola súa sinxeleza, o seu carácter minimalista e a súa versatilidade para conectar con tódolos públicos.

A continuación, pódese observar a mudanza experimentada polo logotipo de Finanzas Para Todos.



A nova identidade de Finanzas Para Todos reflicte a dualidade do aspecto racional, matemático, exacto das finanzas, e como estas afectan directamente na vida das persoas.

É un logotipotipo cunha gran forza conceptual, pero á vez directo e claro, que sintetiza cada un dos conceptos do nome no símbolo.

Da mesma maneira, durante o período 2018-2021, reformouse a páxina web Finanzas Para Todos, cuxas principais mudanzas refírense ao deseño, á estrutura de contidos e á arquitectura web e, por conseguinte, á experiencia de usuario e o uso da mesma. En particular, procedeuse a actualizar e crear novos contidos da páxina web, dotándoos dunha linguaxe máis sinxela e accesíbel. Da mesma maneira, a nova web dispón dunha batería de recursos, como ferramentas, videos, podcast e guías, para facilitar aos usuarios a xestión das súas finanzas persoais, tales como as relativas á realización dun orzamento, o chequeo da saúde financeira, o establecemento e xestión de Obxectivos, o cálculo da xubilación, etc.

Con esta nova web, danse a coñecer todas as iniciativas, actividades e proxectos que se desenvolven no marco do Plan Nacional de Educación financeira e cóntase cunha única canle de comunicación en internet, unificando e integrando os diversos portais que existían anteriormente (Día da Educación Financeira e Gepee).

Ademáis, a web dispón dunha zona reservada para os colaboradores do Plan, cuxa finalidade é servir de espazo de intercambio e colaboración entre as distintas institucións e facilitar a difusión das súas ferramentas e materiais de educación financeira. A web facilita tamén unha zona reservada para profesores na que dispoñen do material do Programa Escolar de Educación Financeira e distintas ferramentas e xogos para utilizar na aula.

Con esta reforma preténdese afianzar o posicionamento de www.finanzasparatodos.es como o portal de referencia de educación financeira en España e consulta sobre dúbidas financeiras a través do que se proporciona información útil, rigorosa e neutral que cumpre cos máximos estándares de calidade e imparcialidade e proporciona unha visión global das finanzas persoais.

Consolidación do Día da Educación Financeira



A primeira edición do Día da Educación Financeira levouse a cabo o primeiro luns de outubro de 2015. Dende entón celebráronse sete edicións deste Día, sempre o primeiro luns de outubro de cada ano, que xa constitúe unha cita ineludíbel para salientar a importancia da educación financeira na vida das persoas.

Nas catro edicións do Día da Educación Financeira celebradas no período 2018-2021 foise incrementando o número de entidades participantes nas actividades do Día, aumentouse e diversificouse o público ao que van dirixidas as distintas iniciativas desenvolvidas neste Día e intensificáronse as actividades de promoción e difusión en torno á existencia do Día da Educación Financeira. En cada unha das catro edicións do Día da Educación Financeira celebradas neste período, o número de actividades realizadas neste día ou en datas próximas foi de aproximadamente 150.

Como novidade, neste período, cada edición do Día da Educación Financeira centrouse nunha determinada temática coa finalidade de servir de punto de partida para as distintas iniciativas. No ano 2018, o Día da Educación Financeira dedicouse ás persoas de idade avanzada; en 2019, á dixitalización; en 2020, ás finanzas responsábeis; finalmente, en 2021 dedicouse ás finanzas sustentábeis.

Coa finalidade de divulgar as distintas actividades formuladas con ocasión deste Día, a CNMV e o Banco de España habilitan cada ano a páxina web específica do Día (www.diadelaeducacionfinanciera.es) destinada a informar sobre o obxectivo do mesmo e a ser unha plataforma na que persoas físicas e todo tipo de entidades poden rexistrar as diferentes iniciativas desenvolvidas en torno a esta xornada.

A páxina web dispón dunha base de datos que facilita a procura das distintas iniciativas, especificando os detalles de celebración da mesma. Da mesma maneira, hai un apartado destinado ás novidades relacionadas co Día da Educación Financeira e outro relativo aos premios que se outorgan ese Día: os Premios Finanzas Para Todos e os Premios do Programa de Educación Financeira.

Entre as actividades que se desenvolven cada ano ao redor deste Día, que son numerosas e diversas, destacan os talleres para o público en xeral sobre temas como o endebedamento, uso das tarxetas, economía doméstica, operativa con contas correntes, uso de banca móbil ou uso das novas tecnoloxías, cursos, programas de radio, publicación de estudos, vídeos, lanzamentos de webs educativas, etc.

Da mesma maneira, con ocasión do Día da Educación Financeira celébrase un acto central presidido polas máximas autoridades da CNMV, o Banco de España e o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, que congrega aos principais representantes das institucións que desenvolven iniciativas de educación financeira en España. Ademais dos discursos institucionais, neste acto central ten lugar a final do Concurso de Coñecementos Financeiros para centros de ensino e a entrega dos Premios Finanzas Para Todos á mellor iniciativa de educación financeira e á implementación do Plan de Educación Financeira.

Os Premios Finanzas Para Todos son unha iniciativa do Plan de Educación Financeira coa que se pretende recoñecer o labor de institucións ou persoas físicas que teñan promovido iniciativas de educación financeira dirixidas á mellora dos coñecementos financeiros da poboación residente en España.

Existen dúas modalidades, unha dirixida a entidades colaboradoras do Plan de Educación Financeira, (Premio Finanzas Para Todos á traxectoria no desenvolvemento do Plan de Educación Financeira) e outra a particulares non

vencellados ao Plan (Premio Finanzas Para Todos á mellor iniciativa de educación financeira). A entrega deste trofeo ten lugar durante o Acto Central do Día da Educación Financeira. Até a data, os gañadores destes premios foron:

2016

A iniciativa “Finanzas inclusivas” da Fundación ONCE.

2017

Concédense por primeira vez dous galardóns, o premio Finanzas Para Todos á implementación do Plan de Educación Financeira, que foi outorgado ao proxecto da Fundación Mapfre “Seguros e pensións para todos” na súa condición de colaborador, e o

Premio Finanzas Para Todos na categoría de mellor iniciativa de educación financeira, que foi concedido ao proxecto da Fundación Isadora Duncan, dirixido a familias monoparentais.

2018

Os premios recaeron en “Finanzas Para Mortais, proxecto da fundación UCEIF e “Proxecto BASES” da Cooperativa de Mestres

Melilla desenvolvida pola Escola Enrique Soler.

2019

Os premiados foron CECA-FUNCAS, impulsor da Rede Española de Educación Financeira,

e a Escola Altozano de Alicante, co seu proxecto “Business Days”.

2020

O Instituto de Estudios Financieros (IEF) con diversas iniciativas como os programas EFEC, Finanzas para todos e Euroinvestment, resultou o colaborador galardoado,

e o Concello de Barcelona, co programa de educación económica EdEc dirixida aos colectivos máis vulnerábeis, obtivo o premio na súa modalidade de non colaborador.

2021

ASUFIN, Asociación de Usuarios Financieros, resultou o colaborador gañador con accións destinadas á protección do consumidor financeiro. Pola súa parte, Afundación Obra Social

Abanca, co programa dirixido a escolares “Segura-mente, Emprende a túa viaxe: un plan cheo de aventuras”, resultou o gañador na modalidade de non colaborador.

Da mesma maneira, durante este período 2018-2021 aproveitouse a participación dos promotores do Plan en iniciativas internacionais de educación financeira (como a World Investor Week de IOSCO), para apoiar e reforzar o Día da Educación Financeira. Participouse tamén na organización da Global Money Week, que ten lugar cada mes de marzo, recentemente impulsada pola OCDE, e centrada na realización de accións divulgativas a nivel mundial durante unha semana, de moita visibilidade e dirixidas principalmente a mozos.



Coñecemento do público e das súas necesidades de educación financeira



A OCDE recomenda basear as estratexias nacionais de educación financeira na adecuada identificación das necesidades educativas da poboación mediante o uso de ferramentas demoscópicas, como as enquisas nacionais.

Estas enquisas axudan aos promotores e colaboradores do PEF a identificar as áreas de coñecemento e os colectivos que cómpre reforzar, e a establecer a base sobre a que medir a efectividade dos programas de educación financeira na sociedade.

Por este motivo, o Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores, realizaron unha primeira Enquisa de Competencias Financeiras (ECF) dentro do marco do Plan de Educación Financeira.

Esta primeira onda da Enquisa de Competencias Financeiras (ECF) realizouse entre o cuarto trimestre de 2016 e o segundo de 2017 co obxectivo de medir as

competencias financeiras da poboación adulta en España (entre 18 e 79 anos). A ECF está incluída no Plan Estatístico Nacional. Ademáis, forma parte dun proxecto internacional coordinado pola Rede Internacional de Educación Financeira da OCDE, o que permite comparar as competencias financeiras da poboación española coas dun amplo conxunto de países.

En maio de 2018 publicouse o informe dos principais resultados que está dispoñible en https://www.bde.es/f/webbde/SES/estadis/otras_estadis/2016/ECF2016.pdf. Os microdatos están tamén dispoñibles en aberto para fins de investigación científica baixo a referencia bibliográfica:

Banco de España e CNMV (2018): Enquisa de Competencias Financeiras (ECF) 2016. Dispoñíbel en <https://app.bde.es/pmk/es/ecf/2016.pdf>

Estes datos están a disposición da comunidade investigadora e, en particular, dos colaboradores do PEF, que poden apoiarse nos propios datos ou nas diversas análises que realizan os promotores. Estes datos utilizáronse, entre outros, nas seguintes análises:


-
- Álvarez Espiño, Marcos, Sara Fernández-López, Lucía Rey-Ares y Sandra Castro-González (2020): Capacitación y comportamiento financiero de la generación millennial en España, Revista Galega de Economía, 29 (3), 7045 ISSN-e 2255-5951 <http://dx.doi.org/10.15304/rge.29.3.7045>.
 - Arellano, Alfonso, Noelia Cámara (2020) Vulnerabilidad financiera de los hogares españoles ante la crisis del COVID-19, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria.
-
- Ispuerto Maté, Anna, Irma Martínez García y Gloria Ruiz Suárez (2021): Educación financiera y decisiones de ahorro e inversión: un análisis de la Encuesta de Competencias Financieras (ECF), CNMV Documento de Trabajo N.º 75.
 - Mancebón, María Jesús, Domingo Pérez Ximénez-de-Embún y Adriano Villar-Aldonza (2021): Habilidades financieras y hábitos financieros saludables: un análisis a partir de la Encuesta de Competencias Financieras, Dentro del libro: Cinco estudios sobre educación financiera en España. FUNCAS.
-

-
- Laura Hospido, Margarita Machelett y Sandra Izquierdo (2021): Diferencias de género en competencias financieras, Artículos Analíticos, Banco de España.
-

Especial mención merece este último estudo que analiza cómo, ao igual que noutros países, a Enquisa de Competencias Financeiras amosa que segue a existir unha fenda de xénero notábel en coñecementos financeiros ao considerar as diferenzas entre homes e mulleres nas súas características sociodemográficas, habilidades numéricas ou de comprensión lectora, e as súas actitudes, medidas polo interese polas finanzas, a especialización das tarefas no fogar e a aversión ao risco.



Accións e obxectivos previstos para o período 2022-2025



Accións e obxectivos previstos para o período 2022-2025

Sobre a base da experiencia adquirida ao longo das sucesivas etapas do Plan de Educación Financeira, así como da derivada dos organismos promotores do Plan no desenvolvemento da súa actividade supervisora e reguladora, a estratexia nacional para os próximos anos dará prioridade a unha serie de actuacións que se detallan a continuación e que poderán verse ampliadas ou axustadas en caso de que se detecten outras prioridades.

Estas actuacións quedan enmarcadas nos Obxectivos que se detallan a continuación:

1

Potenciar a Gobernanza e a relevancia social do Plan de Educación Financeira.

2

Desenvolvemento da rede de colaboradores.

3

Destinatarios do PEF:

- Promoción da educación financeira dirixida aos escolares
- Promoción da educación financeira dirixida a colectivos universitarios
- Desenvolvemento de iniciativas formativas específicas para as necesidades da poboación vulnerábel
- Desenvolvemento de iniciativas formativas e informativas dirixidas aos novos usuarios de servizos financeiros por medios dixitais e enfocadas principalmente a previr fraudes financeiras
- Marco de competencias financeiras da Comisión Europea

5

Canles de divulgación: Impulso da marca Finanzas Para Todos e estratexia de comunicación

7

Avaliación do impacto e efectividade do Plan de Educación Financeira nos seus anos de desenvolvemento.

4

Ampliación das áreas de divulgación:

- Contribución aos Obxectivos globais da Axenda 2030 e as Finanzas Sustentábeis
- Áreas complementarias á educación financeira tradicional

6

Coñecemento do público e das súas necesidades de educación financeira.

Potenciar a Gobernanza e a relevancia social do Plan de Educación Financeira



A Estratexia Nacional de Educación Financeira materializouse nos tres convenios previos entre a CNMV e o Banco de España para promover o Plan de Educación Financeira, de maneira que canalizaron a iniciativa destes organismos públicos e os coordinaron coa iniciativa de organizacións privadas.

É dicir, partindo dende a iniciativa institucional tratouse de alcanzar ao tecido social a través da rede de colaboradores. Esta iniciativa institucional incorpora á educación financeira o compoñente bancario e o de produtos de investimento a través dos seus dous promotores, e completáronse contando coa colaboración da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.



Agora, coa incorporación do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital como promotor do Plan de Educación Financeira, refórzase esa aposta pola iniciativa institucional dos máis

relevantes organismos públicos en materia financeira.

Polo tanto, esta incorporación do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital é importante dende unha dupla perspectiva. Por un lado, mediante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións actúa como supervisor do sector asegurador que pode identificar adecuadamente os riscos aos que se enfrontan os asegurados e que entrañan decisións financeiras. Por outro lado, mediante a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira participa en foros internacionais, negociacións europeas

e elabora a regulamentación financeira, polo que pode aportar valiosos coñecementos e incorporar as últimas discusións financeiras na orientación do Plan de Educación Financeira.

Desta forma garántese que o plan estea sempre á vangarda, acorde coa natureza dinámica da educación financeira.



Desenvolvemento da rede de colaboradores



Como se mencionou en apartados anteriores, a rede de colaboradores do Plan de Educación Financeira experimentou nos últimos anos un aumento moi notábel motivado, entre outros, pola implementación dun sinxelo e rápido mecanismo de incorporación baseado na sinatura polo futuro colaborador dun Protocolo Xeral de Actuación para a promoción do Plan de Educación Financeira.

Co obxectivo de dotar dunha maior funcionalidade e operatividade á rede de colaboradores, durante o período 2022-2025 preténdese revisar os requisitos de acceso e o procedemento de incorporación a esta. En particular, se poderá esixir unha experiencia concreta no desenvolvemento de iniciativas de educación financeira aos candidatos.

Da mesma maneira, ao igual que en períodos anteriores, realizarase unha procura activa de novos colaboradores, para incorporar especialmente a aquelas

institucións que poidan trasladar ao Plan as sensibilidades sociais dos colectivos nos que se concentran os principais problemas de falta de educación financeira e que cumpran os requisitos para incorporarse ao Plan de Educación Financeira. Desta maneira o perfil dos colaboradores, que na actualidade está fundamentalmente concentrado en potenciais divulgadores de educación financeira, abrirase á incorporación paulatina de colaboradores que acheguen ao PEF aos colectivos máis necesitados desa divulgación.

Durante o período 2022-2025, preténdese tamén reorganizar a rede de colaboradores do Plan de Educación Financeira. Como se mencionou anteriormente, na actualidade os colaboradores pertencentes á rede están clasificados de acordo con diferentes categorías establecidas en función do sector no que operan (industria, educación, investigación, social). Analizarase a conveniencia de incorporar outros elementos, ademais do sectorial, para categorizar aos colaboradores e poder así xestionar unha colaboración máis eficiente.


Como se salientou, na actualidade, a incorporación como colaborador realízase a través da sinatura do Protocolo Xeral de Adhesión que establece un nivel estandarizado de vinculación co PEF. Hai algúns colaboradores que pola súa natureza institucional (Ministerios, Universidades, etc.) ou polo valor engadido que aportan ao Plan poden requirir convenios bilaterais que se adecúen ás especificidades do novo colaborador.

Por outro lado, pode haber axentes sociais de diversa natureza que, polo seu menor tamaño ou nivel de actividade na promoción da educación financeira, non serían, tal vez, susceptíbeis de acceder ao Plan mediante a sinatura dun Protocolo Xeral de Adhesión, pero para os que habería que deseñar o modo de vinculación co PEF que lles permita incorporar a súa

contribución ao propósito xeral do impulso da educación financeira.

Durante este período, reforzaranse as sinerxias entre os membros da rede de colaboradores e as destes cos promotores do Plan para o desenvolvemento de iniciativas de educación financeira.

Con iso preténdese aumentar o impacto, a continuidade e a capilaridade das iniciativas realizadas no marco do Plan, chegar a máis segmentos de público obxectivo e propiciar unha maior participación dos colaboradores no desenvolvemento dos Obxectivos do Plan de Educación Financeira.



Destinatarios do PEF

(I) Promoción da educación financeira dirixida aos escolares



Un dos éxitos máis importantes do Plan de Educación Financeira foi a súa contribución para a inclusión da educación financeira no currículo escolar.

O sistema educativo español vixente até decembro de 2020 estaba baseado na Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) e dous Reais Decretos de desenvolvemento¹ onde se incluían como parte do programa de determinadas asignaturas contidos de educación financeira tales como os relativos ao aforro, o diñeiro, o endebedamento ou a elaboración dun orzamento entre outros.

O 23 de decembro de 2020 aprobouse a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola

que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE). A Lei establece o novo marco regulatorio aplicábel ao Sistema Educativo Español e está baseada en cinco enfoques básicos: (i) os dereitos da infancia entre os principios reitores do sistema, segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno de Nacións Unidas (1989), (ii) a igualdade de xénero, (iii) a mellora continua dos centros educativos e unha maior personalización da aprendizaxe, (iv) a educación para o desenvolvemento sustentábel e a cidadanía mundial, que inclúe a educación

¹ Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico de ensinanzas mínimas de Educación Primaria e Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico de Educación Secundaria Obligatoria (ESO.) e Bacharelato. Ambos Reais Decretos recollían os aspectos básicos a partir dos que as distintas Administracións educativas fixaban o seu ámbito de xestión, a configuración curricular e a ordenación das ensinanzas nas mencionadas etapas.

para a paz e os dereitos humanos, a comprensión internacional e a educación intercultural, así como (v) a educación para a transición ecolóxica e o desenvolvemento da competencia dixital, facendo fincapé na fenda dixital de xénero.

No período 2022-2025 e ao abeiro do Convenio de Colaboración asinado en setembro de 2020 pola CNMV, o Banco de España e o Ministerio de Educación e Formación Profesional, que recolle o compromiso expreso de incrementar a presenza da educación financeira no currículo escolar, traballárase intensamente na inclusión e reforzo da educación financeira no currículo escolar nas diversas etapas educativas.

Polo tanto, durante a etapa 2022-2025 velarase pola inclusión no currículo escolar das áreas e competencias chave recollidas no mencionado documento.

Nas edicións previas do PEF a acción entre os escolares concentrouse nos alumnos de secundaria e bacharelato a través do Programa escolar. Agora, durante o período 2022-2025 e ao abeiro do citado Convenio co Ministerio de Educación, procederase a desenvolver materiais pedagóxicos destinados aos alumnos de educación primaria.

O obxectivo destes materiais será chegar aos alumnos dunha maneira sinxela algúns conceptos financeiros básicos para a xestión das finanzas persoais.

Este esforzo por chegar a tódolos estudantes de calquera ciclo académico debe acadar necesariamente aos alumnos de Formación Profesional.

Por último, analizarase a posibilidade de elaborar un marco de aprendizaxe de contidos de educación financeira dende educación primaria até a etapa universitaria que poida servir de base á creación de novos contidos organizados por etapas educativas e que sexa validado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional. En particular, este marco terá como obxectivo esencial apoiar a planificación, ensino e progresión da educación financeira en España. Para iso, establecerá as competencias e as áreas clave de coñecementos, as habilidades e actitudes financeiras que debe ter un estudante ao finalizar cada etapa educativa. Da mesma maneira, servirá de referencia para o desenvolvemento de futuros programas de educación financeira, axudando a planificar e ofrecer educación financeira de maneira efectiva.

Destinatarios do PEF (II)

Promoción da educación financeira dirixida a colectivos universitarios



O número de estudantes matriculados no Sistema Universitario Español (SUE) no curso 2019-2020 ascendeu a 1.633.358, dos que o 80,2% eran estudantes de Grao e Ciclo, 14,3% de Máster e 5,5% de Doutorados². Este numeroso colectivo é un segmento que merece unha especial atención no que á educación financeira se refire.

Ao remataren os seus estudos, estes mozos enfrontaranse a situacións novas derivadas de mudanzas na súa vida profesional e persoal que poñerán a proba os seus coñecementos sobre finanzas persoais. Con frecuencia, estes estudantes haberán de desenvolver a súa vida profesional emprendendo proxectos empresariais. A adecuada toma de decisións financeiras responsábeis por parte destes mozos dependerá do grao de solidez da educación


financeira que teñan adquirido até ese momento.

Por esta razón, durante o período 2022-2025, proseguirase a liña iniciada na etapa anterior de fomentar a cultura financeira entre os estudantes universitarios, especialmente entre aqueles procedentes de estudos non relacionados directa ou indirectamente coa economía e as finanzas. Para iso, promoverase a

² Datos do Ministerio de Universidades. Estatística de Estudiantes Universitarios

incorporación ao Plan de Educación Financeira dos socios chave que faciliten a colaboración no ámbito universitario.

O obxectivo destas colaboracións será a realización conxunta de diferentes actuacións que sirvan para a divulgación da cultura financeira no ámbito universitario, así como de calquera actividade que directa ou indirectamente se relacione con este obxectivo. Entre outras, poderá promoverse o desenvolvemento de recursos e materiais destinados aos profesores para o seu uso no aula ou a colaboración dos promotores do Plan na impartición de sesións presenciais ou na organización de seminarios específicos sobre finanzas persoais.



Destinatarios do PEF

(III) Desenvolvemento de iniciativas formativas específicas para as necesidades da poboación vulnerábel



A pandemia do COVID-19 configurouse como un evento disruptivo cuxas consecuencias sociais e económicas están aínda por concretarse. Aínda que o nivel de incerteza de como se desenvolverá o período poscovid é elevado, é previsíbel que os efectos económicos desta pandemia sexan dunha intensidade considerábel a curto e medio prazo.



Por esta razón, dende o Plan de Educación Financeira promoverase a realización de iniciativas de formación específicas destinadas aos colectivos máis vulnerábeis após esta crise e centradas naquelas materias que sexan de especial relevancia para reflectir a importancia da educación financeira para situar aos cidadáns en mellor disposición de afrontar os retos derivados de crises como a ocasionada pola pandemia. A este respecto vense acuñando o concepto de resiliencia para aludir á capacidade de facer fronte e resistir a estas dificultades.

Para o desenvolvemento destas iniciativas, contarase coa participación dos colaboradores do Plan de Educación Financeira vencellados aos sectores máis afectados, tales como persoas en risco de exclusión social, emprendedores e pymes, ou consumidores e usuarios.

Este propósito do Plan de Educación esténdese a tódolos colectivos de nosa sociedade que, por diversos motivos sociais poden atoparse nunha situación de vulnerabilidade respecto á capacitación para xestionar as súas finanzas persoais.

En concreto, debe abordar aspectos como a fenda de xénero, apoio a colectivos con baixos ingresos, discapacitados, inmigrantes ou persoas de idade avanzada.

Neste sentido, cobra especial relevancia o Convenio de colaboración asinado co Ministerio de Consumo.



Destinatarios do PEF (IV)



Desenvolvemento de iniciativas formativas e informativas dirixidas aos novos usuarios de servizos financeiros por medios dixitais e enfocadas principalmente a previr fraudes financeiras

Nos últimos anos veuse producindo un incremento paulatino do número de usuarios de produtos e servizos financeiros que utilizan canles dixitais para a contratación e a xestión. Esta tendencia exacerbase durante a pandemia polas restricións de mobilidade.

Esta circunstancia deu como consecuencia acontecementos como o auxe dos novos produtos e servizos ou o incremento das estafas e fraudes no uso de canles dixitais que puxeron de manifesto a necesidade de que o Plan de Educación Financeira procure novas formas de facer chegar mensaxes de educación financeira aos novos usuarios de servizos financeiros dixitais.

Estes novos usuarios de servizos financeiros dixitais atoparon nas redes sociais novas oportunidades para conectar co mundo do investimento ou os servizos bancarios, atopar información e procurar asesoramento pero, ao mesmo tempo, estas actividades xeran riscos que habería que atallar:

Estes feitos coincidiron no tempo con un aparente incremento de novos investidores en produtos non regulados, pero tamén en mercados regulados, e un incremento da contratación de produtos bancarios e uso de medios de pagamento dixitais, propiciado todo iso, entre outras cosas, polo maior tempo dedicado á actividade online durante a pandemia.

a)

As redes sociais e, en xeral, novos medios e sitios de internet, fan posíbel que novos investidores accedan a produtos e mercados regulados e a outros con maiores riscos e á marxe da normativa.

b)

As redes sociais son utilizadas por moitas empresas para promocionar servizos de trading, amosándoo como unha forma de “gamificación”, e non como un servizo que debe axustarse ás necesidades dos clientes e reflectir adecuadamente os riscos en que se incorre.

c)

As redes sociais poden xerar estratexias colectivas perniciosas. Ademáis, favorecen contornos nos que se expanden exponencialmente accións non sempre recomendábeis e que xeran un contorno de falsa confianza noutros usuarios.

d)

As redes sociais son ferramentas moi efectivas para que potenciais estafadores se dirixan ás súas vítimas e evitar o control das autoridades.

Polo tanto, durante o período 2022-2025 o Plan realizará actuacións tendentes a informar e educar aos novos usuarios de servizos financeiros dixitais para asegurarse que dispoñen da suficiente educación financeira para poder valorar adecuadamente as informacións que lles poden chegar por diversas vías, e que contan cunha capacitación dixital mínima para poder realizar as súas transaccións bancarias ou operacións financeiras sen incorrer en riscos de fraude. Polo que se refire aos novos investidores realizaranse

accións para informar e educar sobre a regulación e as garantías existentes para que canalicen as operacións a través de intermediarios autorizados e advertiráselles sobre os riscos mencionados.

Estas actuacións irán encamiñadas a proporcionar aos usuarios financeiros ferramentas que axuden a evitar e previr fraudes financeiras tanto no contexto da dixitalización como naqueles que poden vir por vías máis tradicionais.



Destinatarios do PEF (V)

Marco de competencias financeiras da Comisión Europea




No Plan de Acción para impulsar a Unión dos Mercados de Capitais de 2020, a Comisión comprometeuse a desenvolver un marco de competencias financeiras europeo. Este marco está sendo elaborado pola Comisión Europea coa OCDE-INFE xunto cos Estados Membros. Os impulsores deste Plan de Educación Financeira están a contribuír activamente na elaboración deste plan.

Espérase que o marco de competencias financeiras cubra tódolos aspectos relevantes do coñecemento financeiro, e complementa os marcos xa existentes da OCDE-INFE. O marco cubrirá tanto adultos como mozos, e poñerá un especial énfase nos aspectos derivados da dixitalización e as finanzas sustentábeis.

Este marco de competencias financeiras será voluntario e espérase que as autoridades dos Estados Membros o adopten e empreguen para desenvolver as súas políticas públicas e inspirar iniciativas. O marco será apto para:


- Medir os niveis de educación financeira.
- Desenvolver o contido de iniciativas en educación financeira, así como materiais de aprendizaxe, incluídos no currículo.
- Avaliar e supervisar iniciativas de educación financeira.
- Desenvolver, implementar e actualizar estratexias nacionais de educación financeira.

Os impulsores do presente Plan de Educación Financeira comprométense a adaptar, na medida en que se estime preciso, a execución do Plan a este futuro marco de competencias financeiras, para así manter actualizados os contidos e avaliar o éxito do Plan.



Ampliación das áreas de divulgación (I)

Contribución aos Obxectivos globais da Axenda 2030 e as Finanzas Sustentábeis



A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentábel é un plan de acción aprobado en 2015 pola Organización de Nacións Unidas centrado nas persoas, o planeta e a prosperidade, así como no fortalecemento da paz universal e o acceso á xustiza.

Esta Axenda, que formula 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel (ODS) con 169 metas de carácter integrado e indivisíbel que abranguen as esferas económica, social e ambiental, rexerá os programas de desenvolvemento mundiais durante os próximos anos e até o ano 2030.

O cuarto obxectivo dos ODS da Axenda 2030 é “garantir unha educación de calidade, inclusiva e equitativa, e promover as oportunidades de aprendizaxe permanente para todos”. Este obxectivo parte do convencemento de que a educación de calidade é chave para evitar a pobreza, reducir desigualdades sociais e dotar ás persoas de maiores oportunidades. No marco deste obxectivo, pódese

considerar que a educación financeira é básica para a súa implementación e un paso previo para as diferentes inclusións, pois promove a toma de decisións informadas, a xeración de bos hábitos de aforro e gasto, o consumo responsábel e o interese polo investimento sustentábel.

Por outro lado, hai que ter en conta o contexto actual marcado pola pandemia do COVID-19 e as súas consecuencias sociais e económicas e o impulso da Axenda 2030. Neste escenario, estase a avanzar para deseñar un sistema financeiro que se centre non só no aumento económico, senón que tamén tome en consideración outras cuestións sociais como poida ser a protección da saúde.

En consecuencia, durante o período 2022-2025, promoverase a consideración da educación financeira como un instrumento que pode contribuír notabelmente ao desenvolvemento da Axenda 2030, ao ser unha ferramenta básica para tomar decisións financeiras adecuadas e responsábeis e un vector esencial para promover o coñecemento nestas materias.

Polo que respecta ás Finanzas Sustentábeis, nos últimos anos demostrouse que non estamos diante dunha mera tendencia de mercado ou unha moda pasaxeira, senón que se trata dun eixe vertebrador da política financeira europea e nacional. O Plan de Acción da Comisión Europea de 2018 está a marcar a axenda regulatoria neste ámbito.

Na Estratexia para Financiar a Transición cara a unha Economía Sustentábel, adoptada o pasado 6 de xullo, a Comisión Europea propón integrar os aspectos de sustentabilidade no marco de competencias financeiras que conxuntamente desenvolverá coa OCDE-INFE, a comezar polo colectivo de adultos, a finais de 2021.



Ampliación das áreas de divulgación (II) Áreas complementarias á educación financeira tradicional



As mudanzas de paradigmas socioeconómicos fan preciso revisar e ampliar o alcance das materias tradicionalmente divulgadas polo PEF.

Se até agora os materiais divulgados teñen unha liña argumental básica orientada a dotar aos cidadáns de competencias básicas para a xestión das súas finanzas persoais, non pode obviarse que as mudanzas sociais e económicas formulan novas realidades que requiren a atención do PEF.

Como se comentou ao falar de destinatarios do PEF, contribuír á sustentabilidade medioambiental e social e á resiliencia dos cidadáns perante situacións de crise son dous aspectos chave aos que hai que prestar atención, pero non menos importantes son outros dous aspectos adicionais: as competencias dixitais e as competencias emprendedoras.

Se a tendencia de dixitalizar os servizos financeiros era xa imparábel, os efectos

da pandemia aceleraron ese proceso. Púxose de manifesto que determinados segmentos da sociedade víronse abocados á contratación dixital que incorpora riscos engadidos á falta de competencias financeiras. Os principais riscos son a falta de competencias dixitais básicas que convirta aos cidadáns en vulnerábeis fronte á fraude que veu proliferando, a exclusión financeira a que poderían verse abocados determinados colectivos en caso de non seren capaces de incorporar determinadas capacidades (típicamente entre as persoas de idade avanzada), ou o exceso de confianza no ámbito dixital que pode dar como resultado sobreendebedamento e decisións financeiras precipitadas.

Por outra parte, os efectos da crise padecidas neste século poñen de relevo a importancia do emprendemento como factor de prosperidade social e persoal.

Como se salientou máis arriba, o PEF pretende acadar a tódolos estudantes de calquera ciclo educativo incluídos os de Formación Profesional e os universitarios. Estes estudantes están próximos a iniciar a súa vida profesional e ademais da necesidade de desenvolver competencias financeiras básicas para a súa vida persoal terán en moitos casos que levar adiante proxectos de emprendemento xa sexa como Pymes ou como autónomos.

Adicionalmente, cabe salientar a necesidade de dar a coñecer a través do PEF, de forma sinxela, a estrutura do sistema de previsión social complementaria existente en España, para facilitar aos cidadáns información útil para as súas decisións de aforro e inversión.



Canles de divulgación: Impulso da marca Finanzas Para Todos e estratexia de comunicación



Con ocasión da posta en funcionamento da nova web de Finanzas Para Todos, desenvolverase unha estratexia de comunicación ad hoc coa finalidade de captar a atención do público e despertar o seu interese na educación financeira.

Ademáis da amplitude de contidos a tratar, é preciso aproveitar tódalas canles de comunicación dispoñíbeis para garantir que as iniciativas adoptadas cheguen ao maior número posíbel de persoas e lograr un adecuado posicionamento da marca Finanzas Para Todos.


A mencionada estratexia favorecerá especialmente a utilización das novas tecnoloxías e vías de información, que ofrecen unha óptima relación entre o coste e o potencial alcance das accións emprendidas. Poñerase especial atención nas funcións de community management das contas de Finanzas Para Todos en Twitter, Facebook, Youtube e Instagram e outras redes sociais nas que poida

ter presenza no futuro e na xeración de contidos específicos (publicacións, infografías, imáxes, vídeos). Da mesma maneira, procuraranse oportunidades para difundir os contidos propios a través doutros emisores influíntes. Isto non supoñerá en ningún caso o abandono doutros medios de difusión máis tradicionais (como prensa, radio e televisión), xa que hoxe en día aínda existen sectores de poboación que teñen limitado o seu acceso ás novas tecnoloxías.

Para levar a cabo esta estratexia de comunicación será preciso proceder a unha segmentación dos distintos públicos e adaptar a proposta de valor da marca Finanzas Para Todos a cada un deles

utilizando a linguaxe e as canles de comunicación adecuadas.

Indudábelmente, o PEF ten o obxectivo de divulgar contidos básicos para dotar de competencias aos cidadáns. Pero previamente, e de maneira máis xeral, faise preciso chegar ao conxunto da cidadanía con campañas de concienciación sobre a necesidade de prestar atención ás finanzas persoais. Estas iniciativas haberán de fertilizar o terreo para as accións divulgativas posteriores.



Coñecemento do público e das súas necesidades de educación financeira



Ao valorar o PEF 2018-2021 aludiuse á importancia de coñecer as necesidades dos cidadáns en materia de educación financeira mediante o desenvolvemento das accións demoscópicas adecuadas como a Enquisa de Competencias Financeiras desenvolvida en 2016-2017.

Esta enquisa proporcionou un mapa das necesidades naquela data. Pero, como se mencionou, a sociedade ven mudando significativamente e faise preciso valorar o estado actual e estar en disposición de comparar.

Por este motivo, está previsto que o Banco de España leve a cabo a segunda onda da Enquisa de Competencias Financeiras. A realización deste estudo, cuxos resultados, poñeranse a disposición do PEF, permitirá a medición da evolución recente no nivel de competencias financeiras da poboación española dende 2016. Ademais, grazas á existencia de varios exercicios internacionais coordinados pola OCDE en 2015 e 2018, permitirá tamén obter datos

comparativos da mencionada evolución con preto de treinta países máis do noso contorno.

Esta nova edición introducirá como novos elementos adicionais a medición doutras competencias como as estatísticas económicas, a familiaridade, tenencia e adquisición de criptomoedas, ou o uso de banca móbil e novas tecnoloxías.

Avaliación do impacto e efectividade do Plan de Educación Financeira nos seus anos de desenvolvemento



As estratexias nacionais de educación financeira son consideradas polos organismos internacionais como un complemento para garantir a protección dos usuarios financeiros e fortalecer a estabilidade e bo funcionamento do sistema financeiro.

Así e todo, a eficiencia das mencionadas estratexias pasa por identificar as súas áreas de mellora e asegurar o bo uso dos recursos a elas destinados, para o que cómpre contar con certos métodos de avaliación.

No ano 2008, a INFE creou o grupo de traballo Standards, Implementation and


Evaluation. A través da recolección de datos, experiencias e leccións aprendidas dos diferentes países participantes, desenvolvéronse en 2011, no seo deste grupo de traballo, uns Principios de alto nivel para a avaliación de programas de educación financeira, guías de avaliación e recomendacións útiles para acometer a tarefa avaliadora³.

³ A avaliación dos programas de educación financeira é un asunto de interese para a Rede Internacional de Educación Financeira (INFE) da OCDE, xa que, a pesar da súa importancia, constatouse que había poucos países que tiveran un método de avaliación sistemática dos seus propios programas e estratexias. Enténdese por avaliación dunha estratexia nacional o proceso que procura valorar se a mencionada estratexia está creando valor engadido e de que maneira, se está a acadar os obxectivos establecidos e que impacto está a ter sobre os mesmos (INFE, 2019). A avaliación debe ser sistemática (isto é, responder a una estratexia e planificación previas), estar baseada en evidencia empírica, valorar tanto a eficiencia como a eficacia da estratexia e guiar, en última instancia, a toma de decisións sobre o seu desenvolvemento futuro (INFE, 2011).

Aínda que no seo do Plan de Educación Financeira realizáronse diversas análises sobre a súa organización e funcionamento, mediuse o impacto do Programa Escolar de Educación Financeira e avaliouuse o nivel de competencias financeiras da poboación española, non se dispón aínda dun método sistemático de avaliación das diferentes actuacións. Por esta razón, durante o período 2022-2025 realizarase unha avaliación do Plan de Educación Financeira, seguindo así a tendencia mundial crecente que se caracteriza pola formulación de políticas públicas baseadas na evidencia. A mencionada avaliación non só servirá para definir e facer un seguimento dos Obxectivos do Plan de Educación Financeira, senón tamén para orientar o deseño de futuras actuacións e decisións.

Anualmente elaborárase unha planificación dos Obxectivos a acadar na execución do plan. Isto permitirá fixar Obxectivos cualitativos e cuantitativos que permitan avaliar de forma adecuada o impacto e efectividade do Plan de Educación Financeira.

En definitiva, a avaliación do Plan de Educación Financeira axudará a verificar e mellorar a súa calidade, eficiencia e efectividade e pode ser unha importante fonte de aprendizaxe de cara a futuras accións.



Conclusiones



Conclusións

Neste documento resumíronse as accións levadas a cabo durante os catro últimos anos e explicáronse as accións que se desenvolverán no seguinte período 2022-2025.

A experiencia amosa que a educación financeira converteuse nunha competencia chave na sociedade do século XXI debido á presenza constante nas nosas vidas das finanzas persoais e á estreita relación que estas teñen co benestar persoal e social. O feito de contar cuns coñecementos adecuados nesta materia influirá na realización responsábel e consciente de eleccións informadas e repercutirá en último termo na propia liberdade do individuo.

Da mesma maneira, a educación financeira constitúe un elemento chave para o desenvolvemento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábeis incluídos na Axenda 2030 ao promover a toma de decisións financeiras informadas e

responsábeis que inflúen en último termo na adquisición de bos hábitos de aforro e gasto e de consumo responsábel así como no interese pola inversión sustentábel.

Tralos trece anos de vida do Plan de Educación Financeira, non hai dúbida de que aínda hai moito camiño por realizar e que este será máis complicado despois da pandemia do COVID-19. No próximo período, o reto máis importante será adecuarse ás necesidades de educación financeira que poden xurdir nos distintos segmentos de poboación e que veñan motivadas polas consecuencias aínda por determinar desta pandemia.

Outro obxectivo salientábel será reforzar a presenza da educación financeira no currículo escolar e lograr que teña un maior protagonismo. Neste sentido, como destacan números estudos internacionais e a propia OCDE, é esencial comezar a forxar a competencia financeira a idades temperás. Desta forma, os mozos comezan a familiarizarse cos conceptos de aforro e gasto, coa importancia dun endebedamento responsable e, en definitiva, co papel fundamental que as finanzas van ter na súa vida.

Da mesma maneira, nos próximos anos, cómpre seguir avanzando en incrementar a sensibilidade social con respecto á educación financeira. O Día da Educación Financeira constitúe, sen dúbida, unha iniciativa que reforzará este aspecto e contribuirá a facilitar a súa penetración en cada vez máis segmentos da poboación.

Para abordar os Obxectivos formulados no período 2022-2025 será máis necesario que nunca manter a implicación da rede de colaboradores do Plan aos que debe agradecerse a súa cooperación durante todos estes anos. A súa contribución resulta imprescindible para o desenvolvemento da estratexia nacional de educación financeira. Da mesma maneira, resultará esencial incrementar esta rede incorporando aquelas institucións que

coñezan en profundidade as dificultades ás que se enfrontan os colectivos sociais máis vulnerábeis.

Por último, o Plan de Educación Financeira, amparado no convenio de colaboración asinado entre o Banco de España e a CNMV e ao que se suma o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, demostra a necesidade e a oportunidade de continuar cunha política integral de educación financeira. A mencionada necesidade queda constatada pola práctica acumulada destes anos e pola recollida nas iniciativas levadas a cabo noutros países. A experiencia demostra tamén que os resultados unicamente poden esperarse a longo prazo, xa que a educación financeira non pode considerarse unha meta en si, senón unha ferramenta de mudanza e mellora de comportamentos e condutas dos cidadáns.



Anexo I

Rede de colaboradores do Plan de Educación Financeira



Anexo I

Rede de colaboradores do Plan de Educación Financeira



Dirección General de Seguros y
Fondos de Pensiones
Secretaría General del Tesoro y
Financiación Internacional



Ministerio de Educación y
Formación Profesional



Ministerio de Consumo



ACADE
Asociación de Centros
Autonómicos de Enseñanza Privada



AEB
Asociación Española de Banca



AHE
Asociación Hipotecaria Española



ASEAFI
Asociación Española de Empresas
de Asesoramiento Financiero



ASUFIN
Asociación de
Usuarios Financieros



ASNEF
Asociación Nacional de
Establecimientos Financieros
de Crédito



Cámara de Comercio
de España



CAUCE
Confederación de Asociaciones de
Usuarios y Consumidores Europeo



CECA
Confederación Española
de Cajas de Ahorros



CECE
Confederación Española de
Centros de Enseñanza



CEMAD
Colegio de Economistas
de Madrid



CGE
Consejo General de
Economistas de España



CICAIE
Asociación de Colegios
Privados e Independientes



CONTEA
Fundación Contea para la
Educación en Contabilidad y
Administración de Empresas



Cruz Roja Española



FEBF
Fundación de Estudios
Bursátiles y Financieros



FERE-CECA
Escuelas Católicas



FIFED
Fundación para la Innovación
Financiera y la Economía Digital



FUNCAS
Fundación de las
Cajas de Ahorros



Fundación ADECOSE



Fundación AFI



Fundación ÁREA XXI



Fundación ICO



Fundación MAPFRE



Fundación MUTUALIDAD
DE LA ABOGACÍA



Fundación NANTIK LUM



Fundación ONCE



Fundación UCEIF



Fundación Universitaria
SAN PABLO CEU



ICREF
Instituto de Crédito y Finanzas
de la Región de Murcia



IEAF/FEF
Instituto Español
de Analistas Financieros/
Fundación de Estudios Financieros



IEB
Instituto de Estudios Bursátiles



IEF
Instituto de Estudios Financieros



Instituto BME
Bolsas y Mercados Españoles



INVERCO



ISADORA DUNCAN
Fundación de Familias
Monoparentales Isadora Duncan



OCOPEN
Organización de Consultores
de Pensiones



PIGNUS
Asociación Internacional
de Entidades de
Crédito Prendario y Social



SPAINSIF
Foro Español de Inversión



UCM
Universidad Complutense
de Madrid



UDP
Unión Democrática
de Pensionistas



UECoE
Unión Española de
Cooperativas de Enseñanza



UNACC
Unión Nacional de
Cooperativas de Crédito



UNESPA
Unión Española
de Entidades Aseguradoras



Universidad de Zaragoza

Plan de Educación Financeira 2022-2025



BANCO DE **ESPAÑA**
Eurosistema

